

OS MORTOS NON MORREN

Jim Jarmusch, 2019

550

ESTREA EN NUMAX: 28.06.2019 | V.O.S.E. | +16

The Dead Don't Die (2019, 103')

Dirección: Jim Jarmusch

Guión: Jim Jarmusch

Elenco: Bill Murray, Adam Driver, Tilda Swinton, Chloë Sevigny, Steve Buscemi, Danny Glover, Caleb Landry Jones, Rosie Pérez, Iggy Pop, Sarah Driver, RZA, Selena Gomez, Carol Kane, Tom Waits

Son: Grant Elder

Dirección de arte: Julia Heymans

Vestuario: Catherine George

Montaxe: Affonso Gonçalves

Música: Affonso Gonçalves, Ilyse Wolfe Tretter

Fotografía: Frederick Elmes

Produtora: Animal Kingdom (EEUU)

Distribuidora: Universal Pictures International Spain

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Sección oficial)

FILMOGRAFÍA

Los muertos no mueren, 2019

Paterson, 2016

Gimme Danger, 2016

Só os amantes sobreviven, 2013

Los límites del control, 2009

Flores rotas, 2005

Coffee and Cigarettes, 2003

Ghost Dog, o camiño do samurai, 1999

Year of the Horse, 1997

Dead Man, 1995

Noite na terra, 1991

Mystery Train, 1989

Down by Law [Baixo o peso da lei], 1986

Estraños no paraíso, 1984

SINOPSE

Na apracíbel localidade de Centerville pasa algo raro. A lúa vixía permanentemente sobre a liña do horizonte, as horas de luz solar están a volverse impredecíbeis e os animais comezaron a comportarse de maneira estraña. A pesar de todo, ninguén é capaz de prever a maior e máis estraña invasión que axiña comezará a sacudir Centerville: os mortos xa non están mortos. Álzanse sobre as súas tumbas e atacan salvaxemente os vivos para devoralos; e os aldeáns vense obrigados a loitar para sobreviviren.

«Consegue trascender ao pastiche posmoderno grazas á dimensión política dun filme que fai da coherencia estética e ideolóxica as súas armas máis poderosas»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS



OS MORTOS NON MORREN

Jim Jarmusch, 2019

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“George A. Romero é o mestre do zombi posmoderno”

Entrevista con Jim Jarmusch

Por Luis Martínez

Non son xa moitos os zombis que hai por todos lados? Si, seino.

Tamén Só os amantes sobreviven (2013) era de mortos en vida...

Honestamente, non me interesa especialmente o xénero de terror. Digamos que son un fanático do cinema, así que todos os xéneros me gustan. Medrei cos filmes de Universal, os de Drácula e Frankenstein. E logo descubrín outros anteriores como o de Bela Lugosi, *La legión de los hombres sin alma* (Victor Halperin, 1932). Tamén hai directores contemporáneos de terror que me agradan, como Sam Raimi. Encántame *Posesión infernal* (1981). Raimi foi quen de atopar un equilibrio entre a comedia e o terror. Tamén me gustan algún filmes de Wes Craven, John Carpenter, Dario Argento... Pero entre os filmes de terror, podería dicir que os de zombis son os que menos me interesan. Son máis de vampiros que de zombis [risas]. George A. Romero é o mestre do zombi posmoderno.

Comparte a idea xeralizada de que os zombis son o monstro do noso

tempo polo que teñen de crítica ao consumismo? No meu filme tratei de actualizalo. *La noche de los muertos vivientes* (George A. Romero, 1968) contiña un comentario social moi evidente, aínda que tal vez Romero non o fixo de todo intencionadamente.

Por que di que prefire os vampiros?

Son moito máis sofisticados, elegantes... sexis, en certo modo. Poden converterse nun morcego ou un lobo. Son moi intelixentes, só poden saír de noite... Os zombis son unha banda de idiotas a camiñar de aquí para aló. Son seres estúpidos. Pero, por outra banda, é unha metáfora tan evidente que non me puider resistir.

Polos actores Bill Murray, Tilda Swinton, Adam Driver... e por máis detalles, diríase que este filme é en parte unha autohomenaxe, un compendio de Jarmusch...

Non, para nada. Volvín colaborar con actores cos que traballei antes, pero non fago referencia a outros filmes meus. Ademais, nunca volvo ver os meus filmes despois de telos visto con público que non saiba que estou presente, que é algo que me gusta facer cando a película se estrea. E logo nunca máis. Se teño que trasladar o filme a un novo formato pido que quiten o son e ocúpome só da imaxe. Despois fago o son por separado. Como dicía Godard, un cineasta sempre fai o mesmo filme unha e outra vez con pequenas variacións. Pode que sexa certo, non o sei.

Por que non quere ver os seus filmes anteriores? E por que ía querer? Pasei

varios anos a facelos e xa está. Non podo cambialos, acabou. Están no pasado. Igual que a Dylan cando lle preguntaron se escoitaba os seus discos antigos (*Imita a Dylan*): «Para que ía escoitalos, tío? Xa os ouví cando os gravei e ás veces tócoos en directo. Para que ía escoitar un putito disco?» Só temos o presente e hai que pensar en cousas novas. Non me interesa a nostalxia.

Pode comentar o seu traballo con Bill Murray? Parece perfecto para os seus filmes. Si, traballei con el en *Coffee and Cigarettes* (2003), *Flores rotas* (2005), *Los límites del control* (2009)... Lévome moi ben con el, encántame rodar con el e a súa presenza como actor. Transmite unha grande humanidade. E sabe ser moi sutil, a pesar da súa sona de estar un pouco tolo. É unha persoa moi empática, observadora e sensíbel ao que fan os demais.

Divirtelle ver o que os críticos len dentro dos seus filmes? Deste en concreto escribiuse todo tipo de cousas de contido político ou social. Si, lin moito sobre Trump... Trump non me importa unha merda. É unha das moitas persoas que hai sen ningunha empatía, narcisistas, que ocupan postos de poder en todo o mundo. Claro que reacciono ante esta situación pero dicir que o filme fala de Trump é de máis. Os críticos que máis me gustan son os que non aturan o filme que fixen, gústame ler os textos máis negativos que haxa.

Publicado en Sofilm #62, xuño 2019
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax

